

JENNIE

[William Dieterle, 1948]

413

PASES EN NUMAX: 19, 24 e 30 de xullo | V.O.S.E.

Jennie (1948, 86')

Dirección: William Dieterle

Guión: Paul Osborn, Peter Berneis (Novela: Robert Nathan)

Elenco: Jennifer Jones, Joseph Cotten, Ethel Barrymore, Lillian Gish, Cecil Kellaway, David Wayne, Albert Sharpe, Henry Hull, Florence Bates, Felix Bressart

Son: Charles L. Freeman

Montaxe: William Morgan

Dirección de arte: Joseph B. Platt, Robert Brackman

Vestiario: Lucinda Ballard

Fotografía: Joseph H. August

Música: Dimitri Tiomkin

Produtoras: Selznick International Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

La senda de los elefantes, 1954

Salomé, 1953

Ciudad de sombras, 1950

El hombre que vendió su alma, 1941

Esmeralda, la zíngara, 1939

La vida de Émile Zola, 1937

Satan Met a Lady, 1936

PREMIOS E FESTIVALS

Oscar 1948 (Mellores efectos especiais, nomeado a mellor fotografía en branco e negro), Venecia 1948 (Mellor actor —Joseph Cotten—, nomeado a mellor filme)

SINOPSE

Un pintor arruinado e abatido por ter perdido a inspiración coñece, un frío día de inverno, a unha moza en Central Park vestida dun modo anticuado. A partir dese momento succédense outros encontros, coa particularidade de que en breves intervalos de tempo a rapaza vaise convertendo nunha belísima moza, da cal o pintor cae namorado. Pero Jennie esconde un segredo...

«A obra mestra de Dieterle non é so un melodrama descaradamente romántico senón tamén unha fascinante historia de pantasma»

Ed Gonzalez, SLANT MAGAZINE



“O retrato de Jennie”

Por João Bénard da Costa

O cinema continúa a facer uso da voz en off mais xamais volveu ter o papel desempeñado no Hollywood dos anos corenta cando, máis ca nunca, sobre as primeiras e mal definidas imaxes, convidábanos a un gran sono hipnótico. Por veces era radiofónica (ou neutra, ou enfática), encontrándose co outro gran medio da época. Voces do inicio de *Ciudadano Kane* (Orson Welles, 1941), *Los violentos años veinte* (Raoul Walsh, 1939). Outras veces collía o ton dun soño murmurando ao noso ouvido saudades superpostas, case sempre confiadas por voces femininas. Así entramos en *Rebeca* (Alfred Hitchcock, 1940) ou en *El secreto tras la puerta* (Fritz Lang, 1947)

Amo todos eses filmes e moitos máis que me veñen á memoria, pero a voz que máis me enfeitizou foi a que chegou a min desde as nubes, desde as alturas, para metafísica e divagantemente preguntarme: *Que é o tempo? Que é o espazo? Que é a vida? Que é a morte? Desde o comezo foron as primeiras palabras e os homes buscaron até o infinito respostas á estas eternas cuestións.*

Logo, cando a música do xenial Tiomkin preparaba o seu caudaloso encontro coa paleta de Debussy, continuaba a nos situar nos puntos máis distantes do infindo (...). Despois, a medida que as nubes se ían disipando

e a imaxe enfocaba Central Park será a voz de Joseph Cotten a que continúe a murmurarnos: *A nosa historia ten orixe tanto nas sombras do descoñecido como nun retrato do Metropolitan Museum. A verdade non reside nesta pantalla senón no voso corazón.*

David O. Selznick, produtor do filme, ofreceu o filme como agasallo de amor á súa futura muller Jennifer Jones. Disque que foi o máis caro presente que lle deu. (...) *Jennie* é o filme máxico do encontro (único) entre varias vertentes: o onirismo hollywoodense dos corenta, o expresionismo renhardtiano de Dieterle e a maxia de Jennifer Jones. Na época só foi apreciado por algúns surrealistas como Buñuel que tanto o amou e citou, unha vez, entre os seus dez filmes favoritos. Selznick soubo disto moito despois e enviou un convite ao director de *La edad de oro* (Luis Buñuel, 1930) para ir a América dirixir a Jennifer. Pero, como Buñuel comentou máis adiante, era moi tarde para el, xa metido noutras aventuras, e moi tarde para Jennifer, que xa non tiña 28 anos como cando realizou o filme.

Jennie é tamén o filme máxico de encontro (único) entre o tema dos dobres (tan caro á tradición alemá e aos Murnau e Leni que tiñan sido compañeiros e amigos de Dieterle) e o tema da dobre imaxe que fora unha das máis perennes constantes dos filmes americanos dos corenta. Por esta vía (a do retrato) culmina unha longa tradición que vén de *Rebeca* e pasou por *Luz que agoniza* (Georges Cukor, 1944), *Laura* (Otto Preminger, 1944), *La mujer del cuadro* (Fritz Lang, 1944), *El retrato de Dorian*

Gray (Albert Lewin, 1945), *El fantasma y la señora Muir* (Joseph L. Mankiewicz, 1947) por citar só filmes da miña vida. A singularidade de *Jennie* foi ter elevado esa conxugación de hiper-romantismo e onirismo, sustentando no límite da alucinación a realidade do irreal.

De onde eu veño ninguén o sabe e a onde eu vou todo o mundo vai. O vento sopra, o mar avanza, e ninguén sabe. Jennie canta esta canción a Cotten cando se lle aparece por primeira vez. Este filme desmedidamente romántico, encontra, a través dela, da iluminación prodixiosa do gran Joseph August no seu último traballo, e da partitura debussyana de Tiomkin, os *nichtgeboren* (seres non nacidos) reencontrábeis no espazo do imaxinario filmico que Dieterle foi buscar ao máis fondo da súa alma xermánica. Ou, como di Wordsworth, *a imaxinación recúa perante todo agás o plástico, o flexibel e o indefinido.* Chamémoslle en *Jennie* o cinema. Por iso o amo tanto. E por iso continuarei, como Cotten, a subir e baixar a escaleira do faro, para ver rexurdir no mar alporizado da antiga brétema as velas do barco de Isolda-Jennifer.

Publicado en <http://cantinhoodocio.blogspot.com>
Tradución: Xan Gómez Vifias

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónete
agora e ven
sempre por**

4€

**Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo**

**Faite
NUMAX!**